



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REGISTRO XERAL
26 SET 00 04460
SAIDA

RESOLUCIÓN INTERPRETACIÓN PLANOS DE ESTUDIOS DE: FILOLOXÍA HISPÁNICA, FRANCESA, ITALIANA, ALEMANA, INGLESA, GALEGA, PORTUGUESA

O Consello de Universidade por acordo da Comisión Académica do 3 de abril de 2000 homologou os planos de estudio que se imparten na Facultade de Filoloxía que se implantarán no curso 2000/2001. Estes planos de estudos establecen que a Universidade, trala consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o seu desenvolvemento e de xeito especial no que se refire ás adaptacións non previstas

Asemade as Normas de Xestión Académica establecen que as interpretacións que sexan necesarias para o correcto cumprimento dos planos de estudio desta universidade son competencia exclusiva do rector, que dictará as resolucións que considere oportunas trala audiencia do centro e á vista dos informes que poida solicitar.

Agás na Filoloxía Clásica, as Segunda lingua e a súa Literatura son materias troncais, sendo optativas as Terceira Lingua e as respectivas Ampliación. Estas materias impártense conxuntamente polo que ó ser materias troncais unhas e optativas outras é necesario ordena-la xestión destes planos de estudio para unha correcta matriculación dos alumnos nos mesmos. Polo que logo dos correspondente informe do centro

RESOLVO

Primeiro.-As materias troncais das Filoloxías que arriba se indican denominadas *Segunda Lingua e a súa Literatura* ~~Ampliación da Segunda Lingua e Literatura da Segunda Lingua II~~ (catalán, español, alemán, galego, inglés, francés, italiano, occitano, portugués, rumiano) impártense no mesmo grupo docente que as materias optativas desta mesma titulación denominadas ~~Terceira Lingua e a súa Literatura~~ *Ampliación da Terceira Lingua e Literatura da Terceira Lingua II* (catalán, español, alemán, galego, inglés, francés, italiano, occitano, portugués, rumano) polo que, sendo as mesmas materias, ós alumnos só poderán matricular unha *Segunda Lingua e a súa Literatura* (troncal), e as correspondentes *Ampliación da Segunda Lingua e Literatura da Segunda Lingua II* que, segundo os descriptors do plano de estudos, deberá corresponderse coa opción da *Segunda Lingua e a súa literatura* elixida polo alumno.

Segundo.- No caso de querer cursar máis dunha lingua, como materias optativas e/ou libre configuración deberán facelo matriculándose das que teñan a denominación de *Terceira Lingua*. Que, de se-lo caso, deberán ser diferentes á *Segunda Lingua e a súa Literatura* cursadas .


Terceiro.- Para permitir un deseño curricular máis amplo ós alumnos, a *Literatura da Terceira Lingua II* deberá corresponderse coa *Literatura da Terceira Lingua I*, sen necesidade de ter cursada antes a Terceira Lingua correspondente.



**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Cuarto.- O bloque de materias vinculadas á *Terceira Lingua (optativas)*, serán adaptadas polas equivalentes da *Segunda Lingua (troncais)* cando o alumno así o solicite. Polo tanto **podrán adaptarse tanto como Complementos de Formación como no caso de un alumno queira cambia-la opción elexida como Segunda Lingua.** En todo caso cando se realicen estas adaptacións os alumnos deberán cumprir tódolos requisitos de correspondencia entre materias troncais e optativas que establen os planos de estudio.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2000



O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións , Sr. Secretario Xeral da Universidade, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra Decana da Facultade de Filoloxía, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, Sr. Director do Sein, Sr. Director do Coie